

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez e Marcos Cal Ogando, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 157 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta escrita**, sobre a situación na que se atopa a Comarca da Limia pola xestión dos xurros

A Comarca da Limia está a padecer unha severa agresión pola xestión que na actualidade se fai dos residuos procedentes das explotacións de gandería intensiva, e máis particularmente as dedicadas á produción de porcino e avícola .

Aínda que o artigo 2 da lei 22/2011 de 28 de xullo de residuos sólidos e solos contaminados exclúe segundo o disposto no apartado e), *As materias fecais, palla e outro material natural, agrícola ou silvícola non perigoso utilizado en explotacións agrícolas e gandeiras mediante procedementos ou métodos que non poñan en perigo a saúde humana ou danen o medioambiente, NON AMPARA EN ABSOLUTO* as prácticas que de forma rutinaria e xeneralizada estanse a aplicar na Comarca da Limia e que si supoñen un dano irreparable para o medio ambiente e a saúde humana:

- Proceso de eutrofia acusada no Encoro das Conchas,
- Aumento constante dos niveis de concentración de Nitratos nas augas subterráneas.
- Afección irreversible o encoro de Faramontaus (presa de Gudín) non sendo apta na actualidade para abastecemento...
- Empobrecemento da biodiversidade.
- Degradación paisaxística da comarca
- Mala calidade do aire (cheiro constante a xurro).



Tamén o artigo 3 da Lei 10/2008, do 3 de novembro, establece que quedan fóra do seu ámbito de aplicación : *Os residuos producidos nas explotacións agrícolas e gandeiras consistentes en materias fecais e outras sustancias naturais e non perigosas cando se utilicen no marco das explotacións agrarias.*

Esta exclusión non ampara as aplicacións incontroladas de xurro que se fan durante longos períodos do inverno sobre extensas superficies de mato (toxo e xestas) que baixo a escusa dun suposto abonado non persegue máis fin que o desprenderse do xurro en exceso motivado por saturar a comarca cunha carga gandeira irracional.

De igual xeito deixase fóra de control e mírase cara outro lado en relación as condicións mínimas que deben gardar os depósitos de esterco ó aire libre (sobre todo de galiña) que se observan durante o inverno/primavera en moitas parcelas e campos de cultivo e que poden ocasionar de forma evidente episodios de contaminación.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar de EN Marea presenta as seguintes Preguntas para a súa reposta escrita:

1-Que medidas se están a tomar para evitar que baixo un suposto amparo legal se leven adiante as prácticas descritas anteriormente e que a todas luces danan irreparablemente o medio ambiente e a saúde das persoas?

2-Cales son as medidas que se están a tomar en relación ao depósito de esterqueiras ao aire libre e en contacto directo sobre o chan sen ningún tipo de soleira impermeabilizada?

3-Que medidas de control se levan a cabo respecto á xestión de envases de produtos fitosanitarios, xa que se seguen a ver numerosos episodios de envases directamente abandonados sobre o campo ou balsas de rega?



4-A que medidas de control se están a someter ás empresas, especialmente a denominada ASER, no referente ao transporte e distribución de xurros?

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2018.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez,

Marcos Cal Ogando,

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 05/06/2018 18:36:48

Marcos Cal Ogando na data 05/06/2018 18:37:17